



APDR

Asociación pola defensa da Ría

A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA DENUNCIA AS ACTUACIÓNS ILEGAIS QUE SE PRETENDEN LEVAR A CABO NO PORTO DE MARÍN AO AMPARO DUN NOVO PLAN ESPECIAL

A APDR quere denunciar publicamente a decisión que a Consellería de Medio Ambiente ven de tomar, de continuar adiante coa tramitación do denominado Plan especial de ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra, nun absurdo intento de dar cobertura aos recheos ilegais que a Autoridade Portuaria ven realizando dende finais dos anos 90. Para conseguir este obxectivo, a administración galega, consciente da ilegalidade das actuacións que ten planificado e facendo caso omiso ás sentencias que declararon ilegais os recheos que aínda seguen en marcha e sobre os que se queren realizar os novos e os dragados que se describen no plan, parece querer aproveitarse da lentitude da xustiza á hora de dar trámite aos recursos e denuncias e ditar sentenzas para avanzar nas impactantes obras sabendo que cando cheguen as sentenzas as obras xa estarán avanzadas ou terminadas e bastará con incumprir o que nelas se dite.

Tal e como fixo ver a APDR nas alegacións presentadas durante a exposición pública do documento de inicio que tiña por obxecto determinar se o Plan debe someterse ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, existen sentenzas xudiciais que invalidan os plans especiais anteriores, concretamente a do Tribunal Supremo de 30 de outubro de 2009 que declara ilegais as obras realizadas ao amparo do plan aprobado no ano 2000 que deu cobertura aos recheos máis importantes de máis de 300.000 m², condenando á Xunta de Galicia, á Autoridade Portuaria e á Deputación de Pontevedra á súa retirada. Tamén fixo referencia a APDR ás sentenzas do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra de setembro de 2010 e á do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de xaneiro de 2012 que declaran ilegal a modificación do Plan Especial de 2005 que pretendía consolidar os recheos realizados e amplialos.

Xa que logo, non cabe dúbida de que os tribunais declararán de novo ilegais as actuacións realizadas pero cando chegue a sentenza, é posible que as actuacións máis impactantes, neste caso uns dragados que afectarán a unha superficie total de 355.500 m² e que implicará a mobilización de uns 440.000 m³ de sedimentos, estean xa realizadas. Débese ter en conta que si xa en anteriores dragados de menor entidade se produzo un forte impacto no medio, neste caso o impacto será aínda maior.

A Xunta de Galicia pretende agora "proporcionar seguridade xurídica" á superficie ilegalmente recheada pola vía dunha tramitación absolutamente irregular, como si se tratara dun plan estratéxico, para de novo evitar o trámite do estudo de impacto ambiental, cando foi precisamente a ausencia dun EIA un argumento principal do TS para declarar ilegais os terreos xa efectuados. As obras que se pretenden legalizar son os recheos de máis de 300.000 m² da denominada zona de expansión, os recheos de 25.000 m² que se están realizar no extremo do "Muelle Leirós" e que se ampliarán para formar unha nova explanada e onde se constrúe o denominado "Muelle Comercial Sur", recheos realizados na parte máis vella do porto que xunto con outros que tamén se pretenden realizar darán lugar ao que chaman "Nuevo Muelle Comercial de Marín". Ademais dos recheos tamén se pretende dar cobertura legal a novos dragados para incrementar calados hasta os 15 metros de profundidade nas zonas de ataque.

Ao lado da euforia propagandística que despreza a Autoridade Portuaria tense producido unha seria degradación ambiental coa perda de recursos naturais e dun gran número de postos de traballo en actividades sostibles realizada dende a absoluta ilegalidade. A Asociación Pola Defensa da Ría recurrirá neste sentido a todas as vías que a Administración e a Xustiza proporcionan para defender os sistemas naturais da Ría, os seus recursos marisqueiros e a legalidade, e a denunciar os intentos da Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas e da Autoridade Portuaria do Porto de Marín e Ría de Pontevedra de incumprir a lei para provocar un grave impacto no medio ambiente e nos recursos da ría.

Pontevedra, 17 de xuño de 2012-06-17

Benito Andrade, membro da APDR.